



Normas de Publicación. Cadernos de Atención Primaria

Consello de Redacción

Cad. Aten. Primaria
Año 2007
Volumen 14
Pág. 147-152

NORMAS DE PUBLICACIÓN

Cadernos de Atención Primaria fai seus os Requisitos de Uniformidade para Manuscritos presentados para publicación en revistas biomédicas elaborados polo comité Internacional de Revistas Médicas. Estas normas encóntranse actualizadas na páxina web http://www.fisterra.com/recursos_web/mbe/vancouver.asp.

SECCIÓN

- Artigos orixinais
- Editoriais
- Comentarios editoriais
- Espazo para o debate
- Guías de FISTERRA
- Actualizacións
 - Para saber de...
 - Grupos de traballo AGAMFEC
 - Habilidades e Terapéutica
- Investigación
- Biblioscopia
- Casos Clínicos
- Cartas ao director
- Colaboración
- Humanidades
- Gaceta da AGAMFEC

NORMAS XERAIS

Os traballos poden remitirse por vía electrónica ao enderezo: congrega@congrega.es, á Secretaría Técnica de Redacción de Cadernos de Atención Primaria, ou por correo postal ao enderezo seguinte:

Cadernos de Atención Primaria

Congrega S.L.
R/ Rosalía de Castro, 13-1º esquerda. 15004 A Coruña

O texto remitirse en follas tamaño DIN-A4, impresas a dobre espazo (26 liñas por páxina, con tipo de letra Courier tamaño 12 cpi) e

por unha soa cara. As páxinas irán numeradas consecutivamente. As copias impresas deben acompañarse dunha versión en soporte informático. Debe utilizarse un procesador de textos de uso habitual e na forma máis sinxela posible, evitando o uso de encabezados e pés de páxina e outros formatos automáticos. A etiqueta do disquete deberá incluír o título do traballo e o nome do primeiro autor.

A estrutura dos traballos será a seguinte:

- Carta de presentación
- Primeira páxina
- Contido do traballo de acordo coas normas específicas de cada unha das seccións.

O Consello de Redacción acusará recibo de todos os traballos, asignándolles un código. Asemade, resérvase o dereito de rexeitar os traballos que non considere apropiados e de ropoñer modificacións cando o considere necesario.

Carta de presentación

O texto acompañarase dunha carta de presentación dirixida á Secretaría de Redacción da revista, na que se inclúa o título do traballo e se solicite a súa publicación en algunha das seccións, indicando que o contido do traballo non foi publicado con anterioridade.

Tamén debe indicarse na carta a fonte de financiamento do estudo, así como unha declaración explícita da posible existencia dun conflito de intereses.

Primeira páxina

A primeira páxina debe incluír:

Título do traballo.

Autores: Indicaranse os dous apelidos e o nome dos autores na orde en que desexen aparecer no artigo. O número máximo depende da

sección da revista. Nos grupos de traballo ou autores corporativos o listado completo dos participantes aparecerá a pé de páxina ou, se o seu número é elevado, ao final do artigo. En calquera caso figurarán como autores principais os responsabeis directos da elaboración do manuscrito.

Centro de traballo de todos os autores, indicando a localidade.

Titulación académica dos autores (opcional).

Persoa designada para manter a correspondencia relacionada co traballo, indicando un enderezo postal e electrónico para a mesma.

Palabras clave (mínimo: 3; máximo: 6). Derivadas do Medical Subject Hedings (MeSH) da National Library of Medicine. Dispoñible en <http://www.nlm.nih.gov/mesh/meshhome.html>.

Fonte de financiamento do traballo e/ou posibles conflitos de intereses, se procede.

Outra información relevante sobre o traballo, se procede. Exemplos: Se recibiu algún premio, se foi presentado nalgunha xornada ou congreso,...

Táboas e figuras

Presentaranse separadamente do texto do artigo, cadanseu nunha páxina diferente. A numeración das táboas e figuras debe realizarse separadamente e en números arábigos.


As táboas deben ser o máis sinxelas posibles e non duplicar información que se presenta no texto. Deben ser autoexplicativas cun título breve que describa o seu contido. As filas e columnas deben ir precedidas dun encabezamento curto ou abreviado, que identifique exactamente o material que contén.

No caso de utilizarse abreviaturas ou símbolos, se non son autoexplicativos, deben facerse explícitos mediante o uso de notas ao pé da táboa.

Non deben repetirse en gráficos os datos xa presentados en táboas ou texto. As escalas de medida dos gráficos deben estar claras e non inducir a erros.

Material adicional en Internet

A revista Cadernos de Atención Primaria é accesible por internet (www.agamfec.com). Os autores que o desexen poden presentar material complementario na páxina web (enquisas utilizadas, anexos, aspectos metodolóxicos máis detallados, fotos,...). Este tipo de material enviarase de modo diferenciado ao resto do texto.

Cando algún traballo inclúa material adicional na páxina web, éste identificarase na revista coa imaxe seguinte: .

ORIXINAIS. ESTUDOS CUANTITATIVOS E CUALITATIVOS

Nesta sección se publicarán traballos que presenten estudos clínicos ou epidemiolóxicos ou experiencias comunitarias realizados polos autores.

O número máximo de autores é de 6.

A estrutura dos traballos será a seguinte:

- Carta de presentación
- Primeira páxina
- Resumo
- Texto do traballo
- Puntos clave
- Táboas e figuras

Pódese presentar material adicional na páxina web da revista.

Resumo

O resumo debe poder ser comprendido sen necesidade de ler total ou parcialmente o artigo. Non debe sobrepasar as 250 palabras e estará estruturado no seguinte xeito:

Obxectivo: Identificación clara do propósito principal do estudo.

Deseño: Descrición do deseño básico do estudo. Se o deseño non corresponde a un deseño claro, deben indicarse as súas características principais (transversal,...).

Participantes: Características dos pacientes, criterios de selección, número de suxeitos, número de non respostas e abandonos.

Intervencións (en estudos de intervención): Características principais, incluíndo a pauta de administración e duración, das intervencións realizadas tanto no ou nos grupos de estudo como nos de comparación.

Medicións principais: Variables do estudo.

Resultados: Principais resultados, identificando o tipo de medida utilizado e o seu correspondente intervalo de confianza.

Conclusións: Principais conclusións que se derivan dos resultados do estudo, incluíndo a súa aplicación práctica.

Texto

A extensión máxima do texto é de 10 follas DIN-A4, a dobre espazo e por unha cara, con letra Courier de tamaño 12 cpi. Constará dos seguintes apartados:

Introducción: Debe presentar a situación actual do coñecemento sobre o tema e o contexto no que se enmarca o estudo. O obxecti-

vo do estudo debe estar claramente definido. A introducción debe ser o máis breve posible e apoiarse nun número reducido de referencias bibliográficas.

Material e métodos: Debe incluír o deseño, emprazamento do estudo, centro onde se realizou a investigación, descrición dos participantes e dos seus criterios de inclusión e exclusión, as intervencións realizadas, variables medidas, seguimento dos suxeitos, estratexia de análise e probas estatísticas utilizadas.

Resultados: Debe presentar, sen interpretar, os resultados principais do estudo, cos seus correspondentes intervalos de confianza e indicando as probas estatísticas realizadas na análise.

Discusión: Mostrar as limitacións do estudo, comparación coa literatura científica, aplicacións prácticas dos resultados, valoración da relevancia clínica e recomendacións de futuras investigacións sobre o tema.

Agradecementos: Debe indicarse o tipo de contribución.

Bibliografía: Recoméndase un máximo de 30 referencias bibliográficas escritas segundo o formato Vancouver (http://www.fisterra.com/recursos_web/mbe/vancouver.asp).

Puntos clave e esquema xeral do estudo

Todos os traballos orixinais deben incluír unha táboa cos puntos clave para facilitar a comprensión do traballo aos lectores que non desexen ler o artigo completo. Debe incluír un máximo de tres frases curtas e precisas que indiquen o coñecido sobre o tema (co título: Feitos coñecidos) e outro máximo de tres frases que indiquen o que aporta o estudo ao coñecemento actual sobre o tema (co título: Aportacións deste estudo).

Deben incluír tamén unha figura co esquema do estudo. Este debe incluír o número de suxeitos en cada unha das etapas do estudo e os motivos das non respostas ou perdas. Esta figura non irá numerada nin será citada no texto. Os ensaios clínicos aleatorios deben seguir o esquema da declaración CONSORT, que se pode encontrar na páxina de FISTERRA citada anteriormente.

Táboas e figuras

Máximo 6. Ver normas xerais

ORIXINAIS. REVISIÓN SISTEMÁTICAS

O número máximo de autores é de 6.

A estrutura dos traballos será a seguinte:

- Carta de presentación (normas xerais)
- Primeira páxina (normas xerais)
- Resumo

- Texto do traballo (máximo 10 follas DIN-A4 a dobre espazo).
- Puntos clave.
- Táboas e figuras. Máximo 6 (normas xerais).

Pódese presentar material adicional na páxina web da revista.

Resumo

Debe incluír o título do traballo.

O resumo debe poder ser comprendido sen necesidade de ler total ou parcialmente o artigo. Non debe exceder as 250 palabras e debe estruturarse nos seguintes apartados:

Obxectivo: Identificación do propósito principal da revisión.

Deseño: Debe identificar o estudo como unha revisión sistemática.

Fontes de datos: Bases de datos consultadas, período de cobertura e as principais estratexias de búsqueda dos estudos individuais.

Selección de estudos: Criterios de selección de estudos, número de estudos incluídos e excluídos, características principais dos estudos incluídos.

Extracción de datos: Método de avaliación da validez dos estudos e de recollida de datos, e variables principais recollidas.

Resultados: Principais resultados cuantitativos, identificando o tipo de medida utilizado, e o seu correspondente intervalo de confianza.

Conclusións: Principais conclusións que se derivan dos resultados do estudo, incluíndo a súa aplicación práctica.

Palabras clave: Mínimo 3; máximo 6.

Texto

A extensión máxima será de 10 follas DIN-A4, con letra tipo courier de tamaño 12 cpi, a dobre espazo.

Introducción: Debe presentar a situación actual do coñecemento sobre o tema e o contexto no que se enmarca o estudo. O obxectivo do estudo debe estar claramente definido. A introducción debe ser o máis breve posible e apoiarse nun número reducido de referencias bibliográficas.

Material e métodos: Debe describir a estratexia de identificación dos estudos relevantes, incluíndo as bases de datos consultadas e os termos descritores utilizados, os criterios de inclusión e exclusión dos estudos, o procedemento de avaliación da súa validez, o método de extracción dos datos e a estratexia de análise e probas estatísticas utilizadas para a síntese dos datos.

Resultados: Deben presentarse, sen interpretación, os principais resultados da revisión. Recoméndase utilizar unha táboa cunha síntese das principais características e resultados dos estudos incluídos na revisión. Deben incluír os correspondentes intervalos de confianza.

Discusión: Recóllense aquí as limitacións da revisión, incluíndo suxestións sobre o efecto dun posible sesgo de publicación, e comentarios sobre a homoxeneidade dos estudos individuais e a posible influencia da variabilidade sobre os resultados finais. Farase unha comparación coa bibliografía. Presentarase tamén a posible aplicación práctica do estudo e ideas para futuras investigacións.

As referencias bibliográficas serán un máximo de 30.

Puntos clave e esquema xeral do estudo

Todos os traballos orixinais deben incluír unha táboa cos puntos clave para facilitar a comprensión do traballo aos lectores que non desexen ler o artigo completo. Debe incluír un máximo de tres frases curtas e precisas que indiquen o coñecido sobre o tema (co título: Feitos coñecidos) e outro máximo de tres frases que indiquen o que aporta o estudo ao coñecemento actual sobre o tema (co título: Aportacións deste estudo).

Deben incluír tamén unha figura co esquema do estudo que indique o número de estudos seleccionados en cada unha das etapas da revisión e os motivos das exclusións. Recoméndase o esquema da declaración QUOROM que se pode revisar dende CONSORT, en FISTERRA (<http://www.consort-statement.org/QUOROM.pdf>).

EDITORIAIS

Son escritas ou encargadas pola directiva da Asociación Galega de Medicina de Familia.

O número máximo de autores é de 3.

Na estrutura do traballo o texto terá un máximo de 5 follas DIN-A4 a dobre espazo e un máximo de 2 táboas e figuras.

O número máximo de referencias bibliográficas será de 10.

Comentarios Editoriais

Esta sección inclúe comentarios encargados polo Consello de Redacción sobre artigos orixinais seleccionados pola súa relevancia ou interese para atención primaria, e publicanse acompañando a estes artigos.

O comentario debe facer unha análise da situación actual do tema de estudo, aproveitando o artigo orixinal para contextualizalo e apuntando novas liñas de investigación ou novas preguntas sobre o mesmo.

O texto terá unha extensión aproximada de 2-5 follas DIN-A4 a dobre espazo, cun máximo de 10 referencias bibliográficas, e poderá incluír 1 táboa ou figura.

O texto acompárase dunha táboa na que se presenten en 3-4 frases curtas as principais mensaxes do comentario editorial.

ESPAZO PARA O DEBATE

Preténdese que os artigos desta sección correspondan a opinións e reflexións de interese en atención primaria, que estimulen o debate profesional, de política sanitaria ou sindical.

O número máximo de autores é de 6.

A estrutura dos traballos será a seguinte:

- Carta de presentación (normas xerais)
- Primeira páxina (normas xerais)
- Texto. Máximo 10 follas DIN-4 a dobre espazo e 3 táboas e figuras.

O número máximo de referencias bibliográficas é de 30.

GUÍAS DE FISTERRA

Selecciónanse pola dirección de FISTERRA. Publícanse as dúas guías de práctica clínica da páxina web de FISTERRA máis relevantes ou máis visitadas no momento da publicación da revista.

ACTUALIZACIÓNS

Son tres formatos de actualizacións. "Grupos de traballo de Agamfec" son actualizacións realizadas polos grupos de traballo de Agamfec. "Para saber de..." e "Habilidades e Terapéutica" son documentos por encargo ou remitidas por calquera persoa. En 'para saber de...' preténdese facer unha actualización dun tema e en 'habilidades e terapéutica' trátase de describir unha técnica diagnóstica ou terapéutica, a súa metodoloxía, vantaxes, inconvenientes e indicacións.

A estrutura dos traballos será a seguinte:

- Carta de presentación (normas xerais)
- Primeira páxina (normas xerais)
- Texto (máximo 12 follas DIN-A4 a dobre espazo)
- Táboas e figuras (máximo 2)

O número máximo de referencias bibliográficas será de 30.

Pódese presentar material adicional na páxina web da revista.

INVESTIGACIÓN

Son traballos realizados por encargo aínda que calquera pode enviar artigos. Trátase de revisións e actualizacións de metodoloxía de investigación.

A estrutura dos traballos será a seguinte:

- Carta de presentación (normas xerais)
- Primeira páxina (normas xerais)
- Texto (máximo 12 follas DIN-A4 a dobre espazo)
- Táboas e figuras (máximo 2)

O número máximo de referencias bibliográficas será de 30.

Pódese presentar material adicional na páxina web da revista.

BIBLIOSCOPIA

Sección realizada ben por alguén do consello de redacción ben polos grupos de traballo de Agamfec. Trátase de revisar, debullar e comentar algún ou algúns traballo de gran relevancia e interese para atención primaria publicado noutras revistas estatais ou internacionais. O contido desta sección extenderase, de modo orientativo, en 6 follas DIN-4 a dobre espazo.

CASOS CLÍNICOS

Trátase nesta sección de fomentar os coñecementos e habilidades clínicas entre os médicos de atención primaria mediante a análise e a resolución de casos prácticos.

Os casos descritos deben ter especial interese docente. Non se trata da exposición de casos de excepcional observación, senón de situacións clínicas reais que se presentan frecuentemente na consulta do médico de atención primaria.

É unha sección aberta á participación de calquera médico que desexe presentar casos clínicos recollidos na súa consulta ou por encargo.

O número de autores será 3 como máximo.

Cada caso constará dos seguintes apartados:

1. Introducción na que se incluírán os datos clínicos básicos do paciente e que non debería superar as 10 liñas.
2. Formulación da/s preguntas, como mínimo unha, preferiblemente de tipo test, de resposta múltiple, de dúas a cinco respostas posibles entre as que só unha será verdadeira.
3. Diagnóstico
4. Explicación final. Na mesma recollerase unha reflexión sobre as características do caso e da situación do tema ao que se refire a modo de resumo, destacando as aportacións de maior interese docente, unha reflexión das distintas opcións de manexo e un resumo da situación do problema clínico do que se trate.

As referencias bibliográficas serán 10 como máximo.

As fotos, se procede, remitíranse en soporte dixital e en formato 'jpg' ou 'gif'.

Pódese presentar material adicional na páxina web da revista.

CARTAS AO DIRECTOR

Nesta sección publicaranse preferentemente cartas que comenten artigos aparecidos recentemente na revista. Procurárase que se publiquen no seguinte número ao do artigo comentado, e coa resposta dos autores do mesmo.

Tamén se aceptarán cartas ao director que presenten experiencias e opinións de interese para a atención primaria.

O número máximo de autores é de 4.

A estrutura dos traballos é a seguinte:

- Carta de presentación (normas xerais)
- Primeira páxina (normas xerais)
- Texto (máximo 3 follas DIN-A4 a dobre espazo)
- Táboa e figuras cun máximo 1 (normas xerais)

O número máximo de referencias bibliográficas é de 6, sendo unha delas a do artigo comentado cando ese sexa o obxectivo da carta.

COLABORACIÓN

Publícanse nesta sección traballos por encargo ou remitidos por calquera persoa, nos que se trate de calquera tema de ámbito sanitario e profesional, non só de relevancia exclusivamente para atención primaria.

A estrutura dos traballos será a seguinte:

- Carta de presentación (normas xerais)
- Primeira páxina (normas xerais)
- Texto (máximo 12 follas DIN-A4 a dobre espazo)
- Táboas e figuras (máximo 2)

O número máximo de referencias bibliográficas será de 30.

Pódese presentar material adicional na páxina web da revista.

HUMANIDADES

Traballos literarios de todo tipo, historia, reflexións persoais sobre a atención sanitaria, chistes, fotos, entrevistas a persoas relevantes no ámbito sociocultural, político e profesional. Anécdotas da consulta. Calquera cousa que nos mostre sentimentos, emocións, imaxinación, e que desexe ser transmitido aos lectores de Cadernos de Atención Primaria.

A sección será cuberta ben por encargo ben por aportacións de calquera persoa.

O texto terá como máximo 3 follas DIN-A4 a dobre espazo e 2 táboas e figuras.

Pódese presentar material adicional na páxina web da revista.

GACETA DA AGAMFEC

Espazo informativo das actividades da AGAMFEC. Elaborado pola directiva da AGAMFEC.

Información

Cadernos de Atención Primaria

Material adicional en Internet

A revista Cadernos de Atención Primaria é accesible por internet (www.agamfec.com). Os autores que o desexen poden presentar material complementario na páxina web (enquisas utilizadas, anexos, aspectos metodolóxicos máis detallados, fotos,...). Este tipo de material enviarase de modo diferenciado ao resto do texto. Cando algún traballo inclúa material adicional na páxina web, éste identificarase na revista con esta imaxe.

